

VI SEMANA DE CUSTODIA DO TERRITORIO NAS MARIÑAS CORUÑESAS E TERRAS DO MANDEO

## A necesidade de conservar o noso litoral mediante a custodia do territorio

XORNADA DE VOLUNTARIADO

SÁBADO 30 DE SETEMBRO

### **Limpeza simultánea dos ríos galegos**

Imos achegarnos ó río Callou (Bergondo) para participar na décima limpeza simultánea de ríos de toda Galicia, que coordina o Proxecto Ríos (por motivos organizativos, nós adiantámola un día). O obxectivo é recoller todo canto lixo atopemos nos 3 km de ribeira do río Callou entre as proximidades da N-VI e a súa desembocadura en Miodelo. Iremos deixando as bolsas de lixo ó pé das pontes que crucemos, para que sexan recollidas posteriormente. Na andaina descubriremos un bosque diverso que sorprendentemente sobrevive nunha contorna moi urbanizada, polo que paga a pena conservalo.

O punto de encontro será o Centro de Saúde de Betanzos ás 9:30 da mañá para compartir vehículos. Os que queiran ir directamente, teñen que avisarnos de que van polos seus medios e esperarnos ás 10:00 no punto que indiquemos.

O traxecto non é dificultoso, pero é conveniente vestir calzado e roupa axeitados para andar polo monte en función do tempo que faga. Leva unhas luvas de coiro ou de cociña. Para colle-lo lixo no leito do río pode ser útil levar botas de auga. Pensamos remata-la xornada ás 14:00 horas en Miodelo, onde deixaremos algún coche.

Os cativos poden participar na xornada se están afeitos a andar polo monte, sempre que vaian acompañados dun maior de idade que se responsabilice deles. No caso de facérselles demasiado longo o percorrido, poden andar un treito e da-la volta cando se cansen, polo que os seus acompañantes teñen que telo en conta para o transporte de regreso.

Fragas do Mandeo contratará un seguro de accidentes para os voluntarios, polo que se precisan os teus datos con anterioridade (nome e apelidos, DNI, data de nacemento, móbil e correo electrónico). No caso de cancelar a túa participación, por favor, avísanos para non te esperar inutilmente e aferrar no seguro. Se téas algún tipo de problema de saúde que deba sabelo a organización, por favor, non te esquezas de informar previamente.

A túa participación nesta actividade supón a aceptación da toma de imaxes por parte da organización e a súa publicación en informacións relacionadas con ela.

Fragas do Mandeo encárgase da organización o día da xornada. Apunta o seu teléfono: **981 105 903**. Ese día estará desviado ó móbil da persoa que coordina a xornada.